

COMUNICADO DA AGAMFEC ANTE O CONFLICTO SANITARIO NA COMUNIDADE DE MADRID SOLIDARIEDADE.....E PREOCUPACIÓN

Nestes días estamos a asistir o estoupido dun conflito no sistema sanitario da comunidade madrileña non visto neste país dende hai décadas. Dende a AGAMFEC, asociación de médicos de familia galegos que representa a máis de 1000 profesionais do colectivo de atención primaria, queremos expresar a nosa solidariedade cos profesionais sanitarios madrileños ante as medidas que pretende tomar a administración sanitaria. Esta medidas atentan contra os dereitos dos profesionais e traballadores sanitarios e vense na obriga de defenderse anta esta agresión pero tamén, e **FUNDAMENTALMENTE**, contra o Sistema Nacional de Saúde (SNS) tal e como foi creado na Lei Xeral de Sanidade. As medidas, que foron unanimemente rexeitadas por tódolos colectivos, queren trasladar ao sector privado a xestión dos hospitais e áreas sanitarias e mesmo a privatización obrigada dunha veintena de centros de saúde. Para nós isto é una agresión xamais vista ao SNS e os argumentos empregados, coma profesionais da saúde, non podemos consideralos máis que enganosos:

-É falaz trasladar aos cidadáns e aos pacientes a idea que a xestión privada é mais eficaz ca pública. Ningún estudo telo demostrado e só dende os prexuízos ideolóxicos pódese afirmar algo semellante que non ten evidencia científica que o respalde

-Como médicos de familia parécenos especialmente grave a privatización por decreto de centros de saúde (C. S.). Ademais de arbitraria (despois de defendela como positiva, aducen que só vanse privatizar uns 28 centros) é unha medida que vai facer desaparecer o modelo de Atención Primaria que coñecemos e defendemos, poñendo os C. S. ao servizo de empresas que van xestionar a sanidade co seu lexítimo interés de beneficio económico, sen outras consideracións.

-Como sociedade científica defendemos a profesionalidade, tanto no eido clínico coma na xestión sanitaria. Se os encargados de xestionar e salvagardar o sistema público son os que, facendo dexación da súa responsabilidade, trasladan esta a mans privadas, ¿quen vai ser responsable da boa xestión, de que o doente sexa o centro do sistema? Se nós, os profesionais, non abandoamos a un doente mesmo en circunstancias ben difíciles, non podemos entender a inhibición dende a administración pública da súa responsabilidade.

Esta solidariedade cos colegas e profesionais sanitarios acompáñase tamén de preocupación: Temos a sensación de que o conflito de Madrid lévase xestando en todo o país nos últimos tempos con medidas como o RD 16/2012 de sostenibilidade do sistema sanitario, que vai deixar desatendidos colectivos moi vulnerables (e contra do cal a nosa sociedade liderou a iniciativa da obxección de concencia), os decretos de mobilidade, áreas únicas, que está xa a vulnerar os dereitos dos profesionais e demais traballadores sanitarios. En Galicia o decreto de garantías da asistencia sanitaria, co señuelo de ofertar boa atención, volve a poñer diante a falacia da mala xestión pública: se un doente non ten resposta axeitada do sistema sanitario, o que debe facer un xestor público profesional é melloralo, detectando as deficiencias, corrixíndoas e avalía-la implementación das medidas correctoras nun proceso de mellora continua. O que non e lóxico é derivar aos doentes á atención privada, coa conseguinte descapitalización progresiva do sistema público. Non estamos a falar de suposicións, pois neste tempo de crise as empresas aseguradoras privadas aumentan os seus beneficios e a súa cobertura, mentres desfalecen os presupostos sanitarios públicos.

A AGAMFEC fai un chamamento a tódalas organizacións profesionais, cidadáns, veciñais e de calquera outra índole para que apoién este manifesto de solidariedade cos sanitarios madrileños na súa loita por defender un patrimonio público de verdadeiro interese xeral:

O noso Sistema Nacional de Saúde Universal e gratuíto

Para mais información contacte no teléfono 609 547 147, Jesus Sueiro Justel

AGAMFEC, 4 DE DECEMDRO DE 2012